



CONCELLO DE SADA

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TÉCNICO/A DE DEPORTES

1ª.- Obxecto da convocatoria

A provisión polo procedemento de oposición, en quenda libre, dun (1) posto de técnico/a de deportes que prestará servizo no Concello de Sada, en réxime de contratación laboral temporal.

2ª.- Modalidade de contratación

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal para obra ou servizo determinado, prevista no artigo 15.1.a do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e estará vinculado ao financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia, de tal xeito que o contrato declararase extinguido no suposto de que o Concello de Sada deixe de prestar este servizo por calquera motivo incluída a falta de financiamento externo do mesmo, antes da data de remate que se fixe.

A duración do contrato será dende a súa formalización ata o 31/12/2016
As retribucións do posto serán equiparadas ás correspondentes ao grupo de clasificación de funcionarios B, complemento do posto: equiparado ao nivel 18, complemento específico mensual: 430,41 €.
A xornada laboral será a tempo completo consonte á establecida pola normativa vixente aplicable no momento de formalización do contrato, podendo traballar en xornada de tarde e fins de semana, cando sexa preciso.

As funcións a realizar son as seguintes:

1. Coordinación e execución das actividades e programas municipais de deportes en coordinación e baixo a supervisión da Concellaría de Deportes
2. Asesoramento técnico na planificación de actividades deportivas.

3ª.- Requisitos

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Licenciatura en Educación Física ou equivalente, diplomatura en Maxisterio con especialidade en Educación Física ou equivalente, técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seránllles esixidos aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredeite a súa homologación.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B-1.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

4ª.- Presentación de instancias

As instancias de participación, dirixidas ao señor Alcalde do Concello de Sada, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, durante o prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán tamén remitirse na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXAP). Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada e xa rexistrada, mediante algunha das seguintes opcións:

1. Fax ao número: 981 621 274,



CONCELLO DE SADA

2. Correo electrónico dirixido a: persoal@sada.gal indicando como asunto: PS 2/2016-outros rexistros/correos. Neste suposto enviarase copia escaneada da solicitude rexistrada.

Modelo de instancia: As persoas aspirantes teñen a súa disposición un modelo de instancia de participación en probas selectivas do Concello de Sada, que poderán solicitar persoalmente, telefonicamente ou descargalo da seguinte ligazón de internet: www.concellodessada.com/archivos/impresos/impreso-para-la-solicitud-de-participacion-en-pruebas-selectivas-del-concello-de-sada-1448454645.pdf

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3^a, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Xustificante de pago da taxa de participación (base 5^a)
- Fotocopia do DNI ou documento identificativo en vigor.
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega CELGA 4 ou a súa validación, do título de perfeccionamento de lingua galega ou a súa validación, se é o caso. Aos efectos de exención do exercicio de coñecemento de lingua galega (base 8^a.1).

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5^a.- **Taxas de participación**

A taxa de participación do proceso selectivo ascende a vinte euros (20,00€), consonte á Ordenanza Fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, que se ingresará nalgunha das seguintes contas do Concello de Sada:

ABANCA ES24/2080/5161/8731/1000/5369
BANCO PASTOR ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Indicar como concepto do ingreso: Taxas PS-2/2016

Serán devoltos únicamente no caso de que a persoa aspirante non sexa admitida ao proceso selectivo. A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión da persoa aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

6^a.- **Admisión de persoas aspirantes**

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de 7 días naturais seguintes ao de remate daquel prazo, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92 de Régime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRXAP).

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de admitidas.

2.- Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal

7^a.- **Tribunal cualificador**

O Tribunal estará formado por un Presidente, Secretario (O da Corporación ou en quien delegue) e 4 vogais, designándose un suplente para cada un dos integrantes.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido no artigo 60 do EBEP. Todos os vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do tribunal deberán abstenerse de intervir, comunicándolo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da LRXAP ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. Asemade, as



CONCELLO DE SADA

pessoas aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbihdas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de persoas asesoras especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección. O seu nomeamento realizarase por resolución da Alcaldía.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría 1ª das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8.- Contido, desenvolvemento e cualificación das probas selectivas

A resolución da Alcaldía aprobatoria da listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal, fixará tamén a data e más a hora na que deberá constituirse o tribunal e a data e mais a hora para a realización da fase oposición.

8.1 Fase de oposición

Publicada a listaxe definitiva de admitidos e de excluídos, procederase a realización da fase de oposición no día e hora sinalados.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato das persoas aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

A fase de oposición constará de tres (3) exercicios:

1º exercicio: Cuestionario de 30 preguntas tipo test con 4 respuestas alternativas, das cales só unha delas será a correcta. Os cuestionarios que se propoñan conterán 5 preguntas adicionais de reserva, as cales substituirán pola súa orde correlativamente a aquelas preguntas que, de ser o caso, sexan obxecto de anulación con posterioridade ao inicio dos exercicios. A este respecto, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen procedentes co obxecto de impugnar as preguntas formuladas dentro dos 5 días hábiles seguintes á celebración do exercicio. Esta proba será valorada de 0 a 30 puntos sendo necesario para superala obter unha puntuación mínima de 15 puntos, que se alcanzará con 15 respuestas correctas netas. O tempo de realización non poderá exceder de 45 minutos. As preguntas versarán sobre o temario que figura como Anexo I.

2º exercicio: Consistirá na elaboración dun proxecto referido ás actividades a desenvolver durante a vixencia do contrato. A proba terá unha duración dunha hora e non superará os 6 folios.

Finalizada a proba escrita, e inmediatamente despois, as persoas candidatas serán citadas individualmente para defender o seu proxecto ante o órgano de selección. Lendo o proxecto. O órgano de selección poderá realizar as cuestións que considere para un maior discernimento da adecuación do proxecto aos obxectivos do Programa Integrado

A cualificación será de 0 a 30 puntos, sendo eliminados aquellas persoas aspirantes que non acadan 15 puntos.

3º exercicio: Coñecemento da lingua galega. Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obligatoria a súa realización para aquellas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 4ª.

Cualificación definitiva.- A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da persoa que acadara maior puntuación no 2º exercicio na fase de oposición de continuar atenderase á do 1º exercicio, e de persistir, atenderase ao maior



CONCELLO DE SADA

tempo en situación de desemprego que se acreditará polo medio que estableza o Tribunal.

9ª.- Resultados da selección

O Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Corporación e na páxina web municipal: www.sada.gal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da persoa candidata para a formalización do contrato, a favor da aspirante posuidora da puntuación máis alta, xunto coa acta da sesión.

10ª.- Listaxe de reserva

Na acta da última sesión, incluirase unha listaxe das persoas aspirantes que superen os exercicios da fase de oposición, en orde descendente sobre a puntuación total do proceso. As persoas que formen parte da mesma, poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe) para cubrir procesos de incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período da presente contratación.

11ª.- Presentación de documentos e formalización do contrato

No prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección, a persoa seleccionada deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria. Entre eles, certificado médico en vigor en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio.

Noutro caso, salvo caso de forza maior, quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorra por falsidade, e a proposta entenderase realizada a favor do seguinte na relación de suplentes formulada polo Tribunal de Selección.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

12ª.- Normas finais:

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, no Real Decreto 364/1995 e demás lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello ou a páxina web municipal www.sada.gal.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común e normas vixentes concordantes.”.

ANEXO I

TEMARIO

PARTE PRIMEIRA: MATERIAS COMÚNS

- 1.- A Constitución Española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A reforma da Constitución.
- 2.- A organización do Estado na Constitución. Organización institucional ou política e organización territorial. As Cortes Xerais. O goberno e a administración
- 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma.
- 4.- Régime local español. Principios constitucionais, regulación xurídica e clases de entidades locais.
- 5.- O municipio. O termino municipal. A poboación. O empadramento.
- 6.- A organización municipal. Órganos necesarios. O Alcalde. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno da Corporación. A organización municipal complementaria.
- 7.- Os contratos administrativos: concepto, clases, suxeitos e requisitos.
- 8.- Facendas Locais: Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Régime Xurídico do gasto público local. Os orzamentos locais.
- 9.- Administración electrónica e servizos ao cidadán. Servizos telemáticos. Os rexistros telemáticos.
- 10.- A protección de datos de carácter persoal no ámbito das administracións públicas. Confidencialidade e manexo de datos persoais”.



CONCELLO DE SADA

Materias Específicas

- Tema 1. Teoría e práctica de actividades físicas e deportivas.
- Tema 2. A saúde no deporte.
- Tema 3. Principios da planificación deportiva.
- Tema 4. As instalacións deportivas no Concello de Sada: inventario e características.
- Tema 5. Lugares de interese cultural e áreas recreativas para o desenvolvemento de actividades físicas e deportivas no Concello da Sada.
- Tema 5. Actividades deportivas e clubes deportivos no Concello de Sada
- Tema 7: Deportes I Xeneralidades: fútbol e baloncesto.
- Tema 8: Deportes II Xeneralidades: balonmán e voleibol.
- Tema 9: Deportes III Xeneralidades: actividades físicas e deportes na natureza.
- Tema 10: Sociedade, economía e deporte como oferta (deporte para todos), o deporte visto polos cidadáns.
- Tema 11: Os deportes colectivos.
- Tema 12: Os deportes individuais.
- Tema 13: A preparación de actividades recreativas.
- Tema 12: Estudo do aparato locomotor: os ossos e articulacións do corpo humano.
- Tema 13: Estudo do aparato locomotor: os músculos do corpo humano.
- Tema 14: Aparato cardiovascular: o corazón.
- Tema 15: Aparato respiratorio, dígestivo e urinario.
- Tema 16: Hemorrxias e o seu tratamento.
- Tema 17: Feridas, contusións e picaduras.

Diligencia.- Estas bases foron aprobadas por resolución da Alcaldía núm.791/2016, do 27 de maio.

O Secretario Xeral,

Emilio Seijo Frías

